

## O SERGAS PARALIZOU ONTE MESMO A DISTRIBUCIÓN E ORDENOU A RETIRADA DAS MASCARILLAS ENVIADAS POLO MINISTERIO QUE NON CUMPLEN OS CRITERIOS ESIXIDOS PARA A PROTECCIÓN

- *Almuiña solicita ao Ministerio información sobre as deficiencias detectadas*
- *O Sergas realizará as probas diagnósticas necesarias para garantir a seguridade dos profesionais*
- *Inmobilizáronse un total de 82.291 mascarillas*

**Santiago de Compostela, 17 de abril de 2020.-** O Sergas ordenou onte mesmo a paralización da distribución das mascarillas do fabricante Garry Galaxy que foran destinadas polo Ministerio de Sanidade á nosa Comunidade Autónoma e non cumpren coas esixencias que determina o Instituto de Seguridad e Higiene en el Trabajo.

En canto se tivo comunicación, por parte do Ministerio, da alerta sanitaria que detectou deficiencias nas mascarillas enviadas a Galicia polo Goberno central, paralizouse a súa distribución e trasladouse a tódalas xerencias a instrucción para que se procedera tamén á retirada das que foran distribuídas.

En total, immobilizáronse un total de 36.883 mascarillas na plataforma de distribución de Negreira e outras 45.408 que foron retiradas polas xerencias das áreas sanitarias.

O Sergas procederá con inmediatez a substituír todas as mascarillas que se retiran e realizará as probas diagnósticas necesarias para garantir a protección e seguridade dos seus profesionais. Por outra banda, o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, remitiulle ao ministro de Sanidade, Salvador Illa, unha carta na que solicita que se lle remita información axustada sobre os lotes afectados e o tipo de deficiencias detectadas.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE